

POSIBLES IDEAS PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS

22 abril 2018

O BO PASTOR dá a vida para unir as ovellas.

1. VER: Os pastores dos nosos campos.

-Todos sabemos do labor dos pastores dos nosos campos. Dialogamos sobre o seu traballo de cada día, a onde levan a pastar as ovellas, como as conducen, de quen as defenden, ou que fan cando están doentes.

Que fan os pastores?

2. XULGAR: Xesús, O BO Pastor que dá a vida.

-Xesús fálalles do que é el: *“eu son o bo pastor... DOU A VIDA polas miñas ovellas... Eu coñézoas e elas coñécenme...”*.

QUE NOS QUERE DICIR?

-O evanxeo dinos que **Xesús resucitado é o Bo Pastor**. Por que? Que fai falta para selo? Porque coñece ás ovellas e sabe o seu nome e a súa forma de ser. Porque **as quere** e as quere tanto que é capaz de **dar a vida** por elas. Porque **as alimenta** levándoas alí onde están os mellores pastos. Porque cura ás feridas. Porque **busca** ás que se perden.

-Xesús **vai diante** do rabaño marcando o camiño, guiando. Acompañaas para que non teñan medo ao pasar sitios perigosos senón que camiñen cheas de alegría e de amor ao seu lado pola vida. E unidas.

-**E quen son as ovellas?** Xesús é o bo pastor que nos alimenta, morre por nós, acompáñanos... e nós somos as súas ovellas, as ovellas que o seguen.

Que che está dicindo Xesús? Que te pide hoxe no evanxeo?

3. ACTUAR: Deixa que Xesús sexa o teu pastor.

-Agradece a Xesús que sexa o teu Pastor, que te coida, dá a vida por ti. Trata de seguilo, déixalle acompañarte, acode a pedirlle perdón.

-Recorda que temos una Nai do Ceo, a Nai do Divino Pastor. E non te esquezas de tantos pastores e pastoras que te coidan cada día: a túa nai, catequistas, profesores, coidadores... Agradecede hoxe ao voso párroco que sexa o voso pastor. Podemos debuxar un Bo Pastor de ovellas cos nosos nomes.

Que imos facer?

LECTURAS

FEITOS 4, 8-12: (*Non hai salvación en ningún outro*).

Naqueles días, cheo de Espírito Santo, Pedro díxolles: «Xefes do pobo e anciáns: Porque lle fixemos un favor a un enfermo, interrogádesnos hoxe para pescudar que poder curou ese home; quede ben claro a todos vós e a todo Israel que foi o Nome de Xesucristo o Nazareno, a quen vós crucificastes e a quen Deus resucitou de entre os mortos; por este Nome, preséntase este san ante vós. El é “a pedra que rexeitastes vós, os arquitectos, e que se converteu en pedra angular”; non hai salvación en ningún outro, pois baixo o ceo non se deu aos homes outro nome polo que debamos salvarnos». *Palabra do Señor.*

SALMO 117:

A pedra que rexeitaron os arquitectos é agora a pedra angular.

1ª XOÁN 2,1-5:

E é vítima de propiciación polos nosos pecados e tamén polos do mundo enteiro.

XOÁN 10, 11-18: (*O bo pastor dá a súa vida polas ovellas*).

Narrador:

Naquel tempo, díxolles Xesús:

Xesús:

-«Eu son o Bo Pastor. O bo pastor dá a súa vida polas ovellas; o asalariado, que non é pastor nin dono das ovellas, ve vir o lobo, abandona as ovellas e foxe; e o lobo róubaas e dispérsaas; e é que a un asalariado non lle importan as ovellas.

Eu son o Bo Pastor, que coñezo s miñas, e as miñas coñécenme, igual que o Pai me coñece e eu coñezo o Pai; eu dou a miña vida polas ovellas.

Teño, ademais, outras ovellas que non son deste curro; tamén a esas téñoas que traer, e escoitarán a miña voz, e haberá un só rabaño e un só Pastor.

Por isto ámame o Pai, porque eu entrego a miña vida para poder recuperala. Ninguén ma quita, senón que eu entrégoa libremente.

*Teño poder para entregala e teño poder para recuperala: este mandato recibín do meu Pai». **Palabra do Señor.***

(Narrador-Xesús)